

SAL. 003730 15.04.16 12:25

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 13 DE ABRIL SOBRE A CREACIÓN DO COMITÉ ESTRATÉXICO TIC DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Plan estratéxico das tecnoloxías da información das comunicacións 2012-2015 (PETIC III) aprobado polo Consello de Goberno o 25 de xuño de 2012 recolle a necesidade de “mellorar a consistencia dos servizos ofrecidos á comunidade universitaria, consolidado, completando e integrando as diferentes aplicacións de xestión corporativas (...). As accións que engloba esta liña son fundamentais na implantación de modelos de xestión simple e eficaz, liña estratéxica do Plan Estratéxico da USC 2011-2020, en canto que promoven a simplificación da xestión informativa (liña 3 do PETIC III).

Asemade, o 26 de setembro de 2014, publícase no BOE o Real Decreto 806/2014, do 19 de setembro, sobre a organización e instrumentos operativos das tecnoloxías da información e as comunicacións na Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos. Se ben a Universidade de Santiago non se ve afectada directamente por este Real Decreto, o documento recolle un modelo de organización especialmente deseñado para institucións públicas complexas, como é o caso da Universidade de Santiago de Compostela.

Por todo o anterior, esta Reitoría resolve:


1. Constituír un comité, denominado Comité Estratéxico TIC, que estableza a definición e posta en marcha de novos servizos baseados en TIC e a correcta operativa dos xa existentes.

O comité estratéxico TIC é o órgano da USC encargado da aprobación e supervisión das accións de tecnoloxías da comunicación e información que precisa a comunidade universitaria, tanto no que corresponde á definición e posta en marcha de novos servizos como á correcta operativa dos xa existentes.

2. O Comité estará adscrito á Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación da Universidade de Santiago de Compostela.

As funcións do Comité son:

- a. Determinar a estratexia global da Universidade de Santiago en materia TIC, de acordo coa política establecida polo equipo de dirección e polo Consello de Goberno
- b. Informar os acordos, contratos, convenios e encomendas relacionados coa Tecnoloxías da Información e da Comunicación



- c. Potenciar a administración dixital e as TIC como instrumentos que permitan facer sostible o constante proceso de innovación e mellora da calidade dos servizos ofrecidos pola universidade
  - d. Racionalizar o uso dos recursos informativos de xeito que se consiga unha maior eficiencia.
  - e. Definir as prioridades de investimento en materias TIC, de acordo cos obxectivos marcados pola política xeral da USC.
  - f. Declarar os proxectos de interese prioritario, a proposta dos distintos servizos, facultades, centros e departamentos da USC.
  - g. Elaborar e facer o seguimento dos plans estratéxicos das tecnoloxías da información e das comunicacións.
3. O Comité estará integrado polos titulares ou delegados/as da Secretaría Xeral, da xerencia, da área TIC e da vicerreitoría con competencias en temas TIC, que actuará como presidente.

As reunións do Comité celebraranse, polo menos, tres veces ao ano pola convocatoria do seu presidente, ben por iniciativa propia, ben cando o soliciten, polo menos, a metade dos seus membros.

O presidente poderá invitar a incorporarse con voz, pero sen voto, a especialistas sobre os asuntos a tratar, tanto do ámbito universitario como do profesional.

Asemade, deberán prestar apoio ao Comité todos os órganos de goberno e administración da USC cando sexan requiridos.


O Comité será o encargado de designar aos representantes da Universidade de Santiago de Compostela nos diferentes grupos de traballo do Consorcio para o desenvolvemento de aplicación de xestión universitaria (CIXUG).

4. As funcións de asistencia, apoio e proposta ao Comité serán desempeñadas principalmente polos equipos de traballo designados polo Comité.

O Comité designará equipos de traballo para cada unha das grandes actividades da USC que requiren de apoio tecnolóxico, con obriga de informar ao Comité de todas as súas propostas e actuacións. Na designación determinaranse as áreas de actividade e a composición dos mesmos, que poderá modificarse en virtude de acordo do Comité.


Así mesmo, para cada equipo designarase a un xefe/a de proxecto funcional e a un coordinador/a TIC.

Inicialmente constituiranse os seguintes equipos de traballo:



- a. **Xestión académica.** O equipo de xestión académica será o responsable dos procesos informáticos derivados da área académica.
  - b. **Xestión da oferta docente.** O equipo de Xestión da Oferta Docente será o responsable dos procedementos de programación docente.
  - c. **Xestión económica.** O equipo será o responsable dos procedementos vinculados á xestión económica da USC
  - d. **Xestión de persoal.** O equipo será o responsable da supervisión dos procedementos vinculados á xestión de persoal.
  - e. **Xestión de investigación.** O equipo será o responsable da supervisión das plataformas tecnolóxicas de xestión da investigación.
  - f. **Xestión de calidade.** O equipo será o responsable das plataformas tecnolóxicas dos sistemas de xestión de calidade e de información.
  - g. **Administración electrónica.** O equipo de xestión de administración electrónica, será o responsable das plataformas tecnolóxicas e Administración Electrónica.
  - h. **Infraestruturas TIC.** O equipo de xestión de infraestruturas TIC será o responsable da definición e supervisión dos investimentos en infraestruturas TIC da Universidade de Santiago de Compostela.
  - i. **Atención ao usuario.** O equipo de xestión da atención ao usuario será o encargado de supervisar os procesos de atención aos usuarios TIC. Neste equipo haberá un representante dos usuarios/as da USC, designado polo Consello de Goberno
  - j. **Novos proxectos.-** Este equipo será o encargado de propoñer novos proxectos TIC que non teñan encaixe nos grupos anteriores.
5. Os equipos de traballo terán reunións mensuais sobre o funcionamento da área encomendada, revisando o funcionamento das funcionalidades dos sistemas e aportando solucións.

No caso de requirir un novo desenvolvemento que non poda ser asumido polo persoal adscrito ao grupo, realizarase unha proposta funcional xunto cun informe TIC para a súa valoración económica e toma de decisión por parte do Comité de Proxectos TIC da Universidade de Santiago de Compostela.



A aprobación dun novo desenvolvemento determinará a designación dun responsable de proxecto que dará conta mensual dos resultados do mesmo ao correspondente equipo de traballo.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2016

O reitor



Juan M. Viaño Rey